

## **Convenio colectivo da empresa Astilleros Armón Vigo, S.A. (Anos 2003-2005)<sup>1</sup>**

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regulará a partir da súa entrada en vigor as relacións laborais e económicas entre a dirección da empresa Astilleros Armón Vigo, S.A. e o seu persoal.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

O convenio será de aplicación a todo o persoal técnico, administrativo, obreiro e subalterno, que actualmente presta os seus servizos na empresa.

Artigo 3º.-Vixencia, duración e prórroga.

Este convenio terá unha duración de tres anos, desde o 1 de xaneiro de 2003, expirando a súa vixencia o 31 de decembro de 2005, entendéndose prorrogado por períodos anuais, sempre que non fose denunciado por calquera das partes.

Artigo 4º.-Denuncia.

A denuncia do convenio deberá ser formulada por escrito cunha antelación mínima de tres meses, respecto á data dos sucesivos vencementos, dándose traslado desta á outra parte a través do comité de empresa.

Artigo 5º.-Compensación de melloras.

As condicións establecidas neste convenio forman un todo orgánico, por tanto, calquera disposición legal, convencional e obrigatoria que nun futuro se estableza, tan só será de aplicación, se no seu conxunto e en cómputo anual, resultase superior ás condicións laborais aquí pactadas; na súa consecuencia serán absorbidos e compensados ata onde alcance.

Artigo 6º.-Xornada laboral e horario de traballo.

A xornada normal de traballo efectivo para todo o persoal, para os anos 2003, 2004 e 2005 será de: 1.730 horas/ano e de acordo co seguinte horario.

a) Luns a venres: de 8.00 h a 13.00 h e de 14.30 h a 17.30 h.

b) Excepto os meses de xuño, xullo e agosto que será de: 7.00 h a 15.00 h.

Os horarios de traballo ou outros calquera que no futuro se poidan establecer quedarán acollidos nos correspondentes cadros horarios que deberán estar expostos permanentemente á vista do persoal e para as súas modificacións será preceptivo o informe previo e por escrito do comité de empresa.

Nos meses de xuño, xullo e agosto será xornada real de traballo (excluídos os descansos).

Artigo 7º.-Revisión de categorías.

Revisaranse as categorías dentro dos tres primeiros meses de cada ano, a partir do ano 2003. Para iso formarase unha comisión composta por unha representación da empresa e o comité de empresa, para estudar a revisión de categorías ou proposta dos mandos intermedios; sempre e cando se manteña un cadro de persoal compensado.

Artigo 8º.-Prima de produción.

Articúlase en 33,13 euros/mes como máximo, en catorce pagas para o persoal directo de produción (excluídos oficina administrativa, oficina técnica, mandos intermedios, operarios de guindastre, persoal de mantemento, almacén, etc.) en función do rendemento obtido na elaboración do seu traballo ou na súa asistencia e puntualidade neste.

Esta prima reducirase ou cancelarse da forma seguinte :

8.1. Redución de 6,62 euros /mes por:

---

<sup>1</sup> Publicado no DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 2003.

8.1.1. Tres faltas de puntualidade calquera que sexa no traballo.

ou

8.2.2. Dúas faltas de asistencia ó traballo inxustificadas.

8.2.

8.2.1. Cancelarase por 4 ou máis faltas de puntualidade calquera no seu traballo.

8.2.2. Tres ou máis faltas inxustificadas no mes.

A adaptación deste sistema non presupón a non variación, modificación ou substitución del, e será facultativo da empresa o así facelo.

Artigo 9º.-Vacacións.

Todo o persoal afectado por este convenio terá dereito a 30 días naturais de vacacións anuais comprendido en xullo e agosto preferentemente.

Cando en período de desfrute de vacacións, un traballador cause baixa por enfermidade ou accidente, estas serán interrompidas, reiniciándose unha vez dado de alta.

O persoal que ó inicio da data pactada para as vacacións, se encontrase en situación IT derivada dun accidente de traballo ou enfermidade común, poderá desfrutar dun período de vacacións de igual duración ó pactado no convenio, dentro do ano natural e sempre antes do 30 de outubro do citado ano.

Artigo 10º.-Permisos e licencias.

Logo de aviso ou solicitude segundo proceda dos traballadores afectados, concederanse licencias retribuídas polas circunstancias e tempo, de acordo co Estatuto dos traballadores e tempo que a continuación se sinala:

4 días naturais máximo, en caso de falecemento de pais, fillos e cónxuxe. E igual numero de días naturais en caso de nacemento de fillos, intervención cirúrxica e enfermidade grave de esposa ou internamento nun centro hospitalario.

3 días naturais máximo, en caso de falecemento de avós, netos, irmáns e pais políticos que convivan co traballador, así como intervención cirúrxica e enfermidade grave de pais, fillos e pais políticos que convivan co traballador, así como enfermidade grave de irmáns. Cando con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto fóra da provincia, o prazo será de 4 días naturais.

2 días naturais en caso de enfermidade o intervención cirúrxica grave de avós e avós políticos, así como por falecemento, intervención cirúrxica ou enfermidade grave de pais políticos, irmáns políticos e fillos políticos. Cando con tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto fóra da provincia o prazo será de 4 días.

1 día natural polo traslado do seu domicilio habitual.

1 día natural en caso de matrimonio de pais, fillos ou irmáns, así como en caso de falecemento de tíos e sobriños consanguíneos.

15 días naturais en caso de matrimonio ampliado ata 20 días naturais por petición do traballador e coa conformidade da empresa, pero sen retribución os que excedan dos 15 primeiros.

Cando existan varios membros dunha mesma familia, empregados desta empresa, e se dea o caso de intervención cirúrxica ou enfermidade grave de parentes ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade, o desfrute dos días que correspondan en cada caso, poderanse desfrutar dentro dun período de 10 días naturais posteriores ó feito causante segundo as indicacións previas que por eles sexan formuladas.

De lactación: 1 hora de permiso retribuído ó comezo ou finalización da xornada, durante os primeiros 9 meses desde o nacemento. En caso de lactación artificial, este permiso poderá ser utilizado polo pai.

Polo tempo necesario nos casos de asistencia á consulta médica de especialistas da Seguridade Social, cando coincidindo o horario de traballo co da consulta, prescriba a dita consulta o facultativo de medicina xeral, debendo presentarlle previamente o traballador á empresa o volante xustificativo da referida prescrición médica. Nos demais casos, como asistencia á consulta do médico de cabeceira da Seguridade Social ou asistencia prestada pola medicina pública ou privada, ata o límite de 20 horas ó ano retribuídas, que deberán ser, así mesmo, xustificadas.

As visitas a especialistas particulares, cando se realizan con motivo de conseguir un embarazo con técnicas de fecundación asistida, terán a mesma consideración que se fosen a especialistas da Seguridade Social.

Para asistencia a consulta médica con fillos/as menores de 12 anos: 20 horas ó ano. Se os fillos/as fosen diminuídos psicofisicamente: 1 día laborable para consulta de especialistas.

Para asistencia a exames: de acordo co Estatuto dos traballadores.

Por citación xudicial: de acordo con o Estatuto dos traballadores.

Para asistencia a congresos sindicais: de acordo co Estatuto dos traballadores.

Artigo 11º.-Permisos sen retribuír.

O traballador/a con fillos menores de 9 anos, familiares enfermos ata segundo grao de consanguinidade ou que cursen estudos académicos, poderán obter unha redución da súa xornada laboral diaria ou semanal, de ata un máximo do 50%, cun desconto salarial proporcional á redución de xornada obtida.

En caso extraordinario, debidamente acreditado, poderanse conceder licencias polo tempo que sexa preciso sen percibo de haberes co desconto do tempo de licencia para efectos de antigüidade.

Artigo 12º.-Roupa de traballo.

A empresa dotará o seu persoal de adecuada roupa de traballo.

A empresa dotará a cada traballador de dúas fundas ou peza similar ó ano, entregando unha cada semestre.

Cando a índole nociva da actividade dos traballadores así o requira, serán dotados das pezas que sexan necesarias, segundo determinación do Comité de Saúde Laboral.

Artigo 13º.-Recoñecementos médicos.

A empresa estará obrigada a realizar un recoñecemento médico anual como mínimo para todo o persoal. O tempo empregado no recoñecemento será aboado pola empresa.

Artigo 14º.-Saúde laboral.

O Comité de Saúde Laboral determinara as medidas que se van tomar nos postos susceptibles de traballos nocivos ou de evidente risco para a integridade física do traballador.

En tales casos, a empresa dotara o persoal dos necesarios elementos de seguridade que serán fixados polo comité de seguridade e o uso destes será obrigatorio para tódolos traballadores afectados. Haberá que aterse ó disposto na Lei de prevención de riscos laborais.

Artigo 15º.-Posto de traballo da muller embarazada.

Nos casos de embarazo, se as condicións de traballo puidesen incrementa-lo risco de aborto ou malformación, a traballadora terá dereito a cambia-lo posto de traballo que non implique risco para a saúde da nai nin para o feto, tomando en consideración as posibilidades técnicas e organizativas da empresa. Igualmente, terá dereito a acumula-los períodos de descanso pre e pos-parto que legalmente lle correspondan.

Artigo 16º.-Traslados de postos de traballo.

Cando as necesidades de organización ou produción o esixan, a dirección poderá ordenar os correspondentes traslados, logo de información ó comité de empresa.

Os que como consecuencia dunha diminución das súas aptitudes físicas ou calquera outra circunstancia por incapacidade parcial, que motive a percepción dunha pensión, a empresa poderá deducir do seu salario o importe do que perciba como renda de tal incapacidade.

Nos casos de traballo de categoría inferior, estes non poderán ser vexatorios nin prexudicar a formación profesional do traballador e por tal motivo, quen se considere afectado polas ditas circunstancias

deberá poñelo en coñecemento do comité de empresa, o dictame do cal será comunicado a esta para que resolva en consecuencia.

Nos demais casos, mesmo cando o traballador realice traballos de inferior categoría, conservará o salario correspondente á súa categoría anterior.

Traslado fóra da provincia: segundo Estatuto dos traballadores.

Condições económicas

Artigo 17º.-Incremento salarial.

Para o ano 2003/2004/2005 establécese un aumento salarial do IPC previsto polo Goberno sobre o establecido no ano anterior, que para o ano 2003 é o 2%, para todo o persoal operativo nese momento, de acordo coa táboa salarial adxunta, que será de aplicación para o persoal que se encontre de alta ó día da data de sinatura deste convenio.

Para os anos 2003, 2004 e 2005 establécese unha cláusula de revisión salarial unha vez que se coñeza o IPC real do Goberno de forma que o aumento salarial se incremente no IPC real para os citados anos. Esta cantidade aplicarase con carácter retroactivo desde o mes en que se supere o IPC previsto.

Este axuste positivo ou negativo realizarase nun só pagamento dentro dos 4 meses de coñecer a información definitiva.

Este aumento salarial afectará os seguintes conceptos:

a) Táboa salarial (salario convenio día natural, complemento de asistencia ó traballo, complemento de incentivo, complemento de cumprimento e as pagas extras de verán e Nadal).

b) Horas extras.

c) Tóxico, penoso e perigoso.

d) Complemento persoal.

e) Complemento de produción.

f) Axuda social.

g) Antigüidade.

Os demais conceptos non indicados neste punto permanecen igual que os pactados no acordo asinado para o ano 2000.

Artigo 18º.-Antigüidade.

Para o persoal que está de alta ó día de hoxe, o valor do quinquenio será de 0,465 euros/día para todas as categorías e para o persoal de nova incorporación de acordo co establecido no Estatuto dos traballadores.

Artigo 19º.-Incentivos.

Como compensación á prima de produción para o ano 2003, establécense os seguintes incentivos para os traballadores, sempre e cando desenvolvan a súa actividade de forma normal:

a) Unha cantidade fixa de 100,52 euros, para percibir por tódolos traballadores que se perderá en 0,628 euros horas de non presenza para o ano 2003.

b) A cantidade de 1,244 A por cada hora extra para tódolos traballadores. No ano 2004 o aumento será de 0,616 A e para o 2005 exclusivamente o IPC sobre o importe do ano 2004.

Artigo 20º.-Gratificacións extras.

As pagas extraordinarias de xullo e decembro aboaranse en contía de 30 días cada unha delas para todo o persoal, a razón do salario base convenio + antigüidade se a houber, prima cumprimento, incentivo fixo e a prima de asistencia na medida individual obtida tamén por cada un dos traballadores nos últimos seis meses. (Excluído as horas extras, complemento por obra feita).

Cando o traballador estea de baixa por incapacidade temporal, derivada esta de enfermidade común, non se lle practica dedución das partes proporcionais destas gratificacións extraordinarias, polos períodos superiores a 15 días de duración de cada unha destas baixas.

Cando o traballador estea de baixa por incapacidade temporal, derivada esta de accidente de traballo, non se lle practica ningunha dedución, de cada unha destas baixas.

Artigo 21º.-Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias motivadas por causa de forza maior e as estruturais aquí recollidas ou que se poidan pactar, notificaránselle mensualmente á autoridade laboral conxuntamente por empresa e comité a para os efectos de obter a redución de recargas de cotización.

Co fin de clarificar o concepto de horas extraordinarias estruturais, entenderanse como tales as necesarias para cubrir períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quenda, mantemento ou traballos urxentes derivados de buques, botaduras e outros supostos similares.

Artigo 22º.-Comidas e ceas.

De acordo co Estatuto dos traballadores.

Artigo 23º.-Prima de asistencia.

Esta prima de asistencia queda fixada en 1,697 euros día de traballo e será percibida en vacacións e nas pagas extraordinarias de acordo co artigo 19 deste convenio.

Artigo 24º.-Prima de cumprimento.

Esta prima queda fixada en 25,628 euros/mes; que se perderán na contía de 5,12 euros cando se cometan dúas faltas tipificadas no Estatuto dos traballadores, así mesmo perderase na contía de 13,2 euros no suposto de tres faltas e integramente, con catro faltas, todo iso dentro do período de 30 días, estes importes actualizaranse cos aumentos do convenio.

Establécense tamén como faltas o abandono temporal do posto de traballo, e a non presenza no dito posto de traballo despois do toque de sirena para o inicio da xornada e abandono do mencionado posto de traballo antes do aviso para a súa terminación.

Os expresados 25,628 euros serán aboados no período de vacacións e pagas extraordinarias, de non ter sido perdida a prima en ningún dos últimos seis meses. No suposto de incapacidade temporal, aboarase na parte proporcional dos días traballados de cada mes.

Artigo 25º.-Traballos tóxicos, penosos e perigosos.

Establécese un só suposto de 0,2162 euros/hora para os seguintes traballos que serán aprobados polo mando correspondente:

-Una vez construído o casco os traballos que se realicen nos seguintes espazos do interior do buque, cámara de máquinas, bodega, pique de proa, local do servo.

- Traballo en tempo real de soldadura normal/con galvanizado.
- Traballo en alturas superiores a 4 metros correspondentes (excepto os traballos en cuberta).

-Instalación de entubado stay ou pesada en tanques e dobre fondo.

-Traballos en chafranar con arco/aire e esmerilar.

-Para os traballos realizados no interior dos tanques, dobres fondos, cofferdams e sentinas incrementarase o coeficiente en 1,4.

-Traballos de inoxidable e aluminio.

Artigo 26º.-Premios de xubilación.

A empresa premiará os seus produtores a partir do ano 2000, que no momento da súa xubilación pertencen ó seu cadro laboral co importe dun día de salario convenio, máis a antigüidade se a houber por cada ano de servicio na empresa. O computo destas anualidades finalizará cando o traballador cumpra 65 anos de idade. Tamén alcanzarán este beneficio os que tivesen que cesar na empresa por incapacidade absoluta. Cando o produtor faleza antes da xubilación, outorgara idéntico importe por cada ano de servicio ós seus habentes-dereito.

Artigo 27º.-Postos de nova creación.

Sempre que sexa necesario contratar persoal para os efectos de formación laboral, daráselles absoluta prioridade ós fillos dos produtores desta empresa que reúnan as condicións necesarias para iso e a criterio da dirección, comunicándollo ó comité de empresa.

Artigo 28º.-Axudas sociais.

1. A tódolos traballadores desta empresa que teñan fillos en idade escolar (de 3 a 18 anos), acreditándoo mediante certificación escolar, a empresa concederálles 43,5 euros por cada un deles en concepto de bolsas, no mes de outubro. O límite de idade

ampliarase a 25 anos no caso de estudos universitarios ou profesionais.

2. A empresa contratará un seguro de vida colectivo para tódolos seus traballadores que cubra os riscos de morte e invalidez por accidente de traballo ou enfermidade profesional, que cubra as seguintes indemnizacións:

Accidente laboral ou común con resultado de morte: +9.015,20 euros.

Accidente laboral ou común con resultado de invalidez permanente total, absoluta ou gran invalidez: +12.000 euros.

Artigo 29º.-Dereitos sindicais.

Os membros do comité de empresa disporán dun número de horas retribuídas para utilizalas nas súas funcións que se fixan de acordo co Estatuto dos traballadores e normativa legal vixente.

-Disposición dun taboleiro de anuncios.

-Disposición dun local, sempre que sexa posible.

-Desconto en nómina da cota sindical, logo de petición expresa dos traballadores.

-Reunión en locais da empresa e fóra de horas de traballo, dos traballadores afiliados de acordo coa normativa vixente.

Todo iso sen prexuízo do mantemento doutras condicións iguais ou máis beneficiosas que poidan existir na actualidade.

No aquí expresado haberá que a terse ó disposto na lei vixente.

Artigo 30º.-Acumulación crédito horas sindicais.

Os membros de comité de empresa pertencentes a un mesmo sindicato poderán ceder un determinado número de horas mensuais retribuídas que lle correspondan legalmente a favor dun ou máis membros do comité, afiliados ó mesmo sindicato. Para iso os cedentes porano en coñecemento da dirección

mediante autorización subscripta por eles anualmente.

Artigo 31º.-Comisión paritaria.

Constituirase unha comisión paritaria composta por dous membros da parte empresarial e dous da parte social.

Artigo 32º.-Partes asinantes do acordo.

Este acordo foi negociado e aprobado en representación da parte social, polo comité de empresa e en representación da empresa, pola dirección.

Outras disposicións

Primeira.-As partes, empresa e representantes dos traballadores consideran necesario e comprométense a adoptar cantas medidas sexan posibles que conduzan a manter un clima de normalidade laboral tendente a mellora-la produción e a reduci-lo absentismo, especialmente axudando a controla-las ausencias por IT, diminuíndo a porcentaxe actual e eliminando as causas que a poidan xerar.

Segunda.-En defecto de normas aplicables a este convenio e en todas aquelas materias non previstas nel, haberá que atermos ó disposto no Estatuto dos traballadores e demais disposicións vixentes que sexan de aplicación a este convenio.

Terceira.-Os traballadores seguirán durante estes tres anos mantendo a situación de polivalencia, para facer fronte ás necesidades de produción.

En Vigo, 10 de xullo de 2003.

-Astilleros Armón Vigo, S.A.:

Laudelino Alperi Baragaño.

-Comité de traballadores:

Carlos Gómez Parente.

Julio López Comesaña.

J. Carlos García Lago.

Fernando Iglesias Serantes.

José E. Crispín Otero.

Actualización do 2% en 2003.

| <b>Persoal técnico</b> | <b>Mensual</b> | <b>C. asistenc.<br/>A/día</b> | <b>C. cumprim.<br/>A/mes</b> | <b>Incentivo<br/>A/mes</b> | <b>H. extras</b> |     |
|------------------------|----------------|-------------------------------|------------------------------|----------------------------|------------------|-----|
| Enxeñeiro              | 1.683,291      | 1,697                         | 25,628                       | 100,529                    |                  |     |
|                        |                |                               |                              |                            |                  |     |
| Encargado              | 1.593,576      | 1,697                         | 25,628                       | 100,529                    | 9,690            | (1) |
|                        |                |                               |                              |                            |                  |     |
| Encargado verificador  | 1.250,102      | 1,697                         | 25,628                       | 100,529                    | 9,690            | (1) |
|                        |                |                               |                              |                            |                  |     |
| Verificador encargado  | 1.161,376      | 1,697                         | 25,628                       | 100,529                    | 9,690            | (1) |

|                     |           |       |        |         |        |     |
|---------------------|-----------|-------|--------|---------|--------|-----|
|                     |           |       |        |         |        |     |
| Delineante 2ª       | 1.117,112 | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 12,252 | (2) |
|                     |           |       |        |         |        |     |
| Oficial 1ª especial | 1.211,650 | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 11,816 | (3) |
|                     |           |       |        |         |        |     |
| Oficial 2ª          | 1.117,112 | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 11,880 | (4) |
| Oficial 1ª          | 32,949    | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 9,626  | (5) |
| Oficial 2ª          | 32,255    | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 9,221  | (6) |
| Oficial 3ª          | 31,562    | 1,697 | 25,628 | 100,529 | 8,926  | (7) |
| Especialista        | 29,918    | 1,647 | 24,832 | 97,421  | 7,776  | (8) |
| Peón                | 29,526    | 1,647 | 24,832 | 97,421  | 7,648  | (9) |

Nota:

As partidas de mensual (para o persoal técnico) e diario (para o persoal obreiro) incrementaranse nos importes detallados a continuación para os períodos indicados:

Ano 2003:Persoal técnico:25,00 A/mes.

Persoal obreiro:0,821 A/día.

Cantidades non suxeitas a revisión salarial en 2003, pero si para o 2004 e 2005 sobre o IPC.

Ano 2004:Persoal técnico:25,00 A/mes.

Persoal obreiro:0,821 A/día.

Cantidades non suxeitas a revisión salarial en 2004, pero si en 2005 sobre o IPC.

Ano 2003:persoal técnico:30,00 A/mes.

persoal obreiro:0,986 A/día.

Cantidades non suxeitas a revisión salarial en 2005.

|     |   |
|-----|---|
| (1) | $(9,5 + 0,616) * 1,02 + 1,10 = 11,418$<br>En 2004 o incremento será de 1,10 A. Seguintes o IPC. |
|     |   |
| (2) | $(12,012 + 0,616) * 1,02 = 12,880$<br>En 2004 e seguintes só se incrementa o IPC.               |
|     |   |
| (3) | $(11,584 + 0,616) * 1,02 = 12,440$<br>En 2004 e seguintes só se incrementa o IPC.               |
|     |   |
| (4) | $(11,647 + 0,616) * 1,02 = 12,508$<br>En 2004 e seguintes só se incrementa o IPC.               |
|     |   |

|     |  |
|-----|--|
| (5) | $(9,437 + 0,616) * 1,02 + 0,66 = 10,91$  |
|     |  |
| (6) | $(9,040 + 0,616) * 1,02 + 0,66 = 10,509$ |
|     |  |
| (7) | $(8,751 + 0,616) * 1,02 + 0,66 = 10,214$ |
|     |  |
| (8) | $(7,627 + 0,616) * 1,02 + 0,66 = 9,06$   |
|     |  |
| (9) | $(7,497 + 0,616) * 1,02 + 0,66 = 8,93$   |
|     |  |

IPC ano 2001 =  $2,7 + 0,5 = 3,200$

IPC ano 2000 =  $4,0 + 0,75 = 4,750$

Horas traballo para o ano 2003 en Astilleros Armón Vigo, S.A.: 1.730 horas/ano.

Xaneiro:21 días

Febreiro:20 días

Marzo:20 días

Abril:20 días

Maiο:21 días

Xuño:21 días

Xullo:22 días

Agosto:20 días

Setembro:22 días

Outubro:23 días

Novembro:20 días

Decembro:21 días

Total (A):251 días

Sábados:48 días

Domingos:52 días

Festivos:12 días

Festas locais:2 días

Total (B):114 días

(A) + (B):365 días

251 días laborables - 22 días vacacións = 299 días

299 días x 8 h/día = 1.832 horas

Horas s/convenio ano 2003 = 1.730 horas

Diferencia (sobran) = 102 horas

Vacacións todo o mes de agosto: 20 días

Vacacións: 24-12 e 31-12-2003: 2 días

Aplicación horas sobrantes:

2-5-2003: 8 horas.

22, 23, 26, 29 e 30-12-2003: 40 horas.

19-12-2003 (comida): 3 horas.

Vacacións: 32 horas (28, 29, 30 e 31-7-2003)

Pendientes aplicación: 19 horas.